liveworksheets.com

O SUBSTANTIVO

Raquel B.V.

XÉNERO E NÚMERO

Os nomes poden ter xénero **masculino** (neno) ou xénero **feminino** (nena).

Os nomes están en **singular** se fan referencia a un só elemento (moniño, árbore) , e están en **plural** se fan referencia a varios elementos (pólas).

FORMACIÓN DO FEMININO

Os substantivos que no masculino **rematan** en **–o** e en **–e cambian** esa vogal **por** **–a**: o mono – a mona, o mestre - a mestra.

Os substantivos que rematan en **vogal tónica engaden** **–a**: avó – avoa.

A maior parte dos **rematados en consoante** engaden **–a** : rapaz-rapaza , autor – autora.

Algúns substantivos teñen **forma distinta** para masculino e feminino: cabalo – egua, home – muller, actor – actriz.

1.Escribe o feminino dos seguintes nomes:

Galo	patrón	xuíz	elefante	
Señor	león	xenro	irmán	emperador

2. Emparella os substantivos masculinos co feminino que corresponda en cada caso:

Carneiro	rei	can	padriño	boi
cadela	ovella	raíña	vaca	madriña

FORMACIÓN DO PLURAL

Os substantitivos que **rematan en vogal** ou en **–n engaden – s:** restaurante- restaurantes, man-mans

Os **rematados** en **–l engaden** **–es**: pel-peles, caníbal –caníbales; pero se son **agudas**, **perden** o **–l** e **engaden** **–is:** animal –animais.

Os que **rematan en consoante distinta** de **–n** ou **–l engaden** es: pintor – pintores, voz – voces , compás – compases.

liveworksheets.com

Os **estranxeirismos** adoitan facer o plural en **–s:** baobab - baobabs

1. Forma o plural das seguintes palabras:

azul, petición, protagonista, cómic, mantel, cruel, construtor,val, nariz,hámster,túnel,mil,portal,curmán,cruz,réptil.

2. Escribe estes nomes en masculino plural e feminino singular.
Xefe, español, leñador, bisavó, actor, héroe, alemán, sogro e pai.

liveworksheets.com

liveworksheets.com